

RESOLUCIÓN do 22 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca a participación no programa de formación “Observa_Acción: desenvolvemento competencial desde a observación e o intercambio entre iguais”, durante os cursos escolares 2023/24 e 2024/25, que se levará a cabo a nivel autonómico, nacional e internacional.

Dominar a arte do ensino leva tempo e require práctica e esforzo sostido. A OCDE¹ apoia a observación e a reflexión como ferramentas esenciais na carreira profesional docente, xa que esta prové unha xanela directa ao traballo na aula desde a cal os/as profesionais do ensino poden analizar e reflectir, activando as estratexias e os recursos axeitados e perfeccionando o seu uso, ademais de aproveitar mellor o traballo en equipo dos claustros. Igualmente o Consello da Unión Europea², na súas conclusións sobre persoal docente e formador do futuro, considera que a observación e aprendizaxe entre iguais constitúen unha oportunidade de desenvolvemento profesional continuo cun gran potencial para o persoal docente.

Alén disto, o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado en centros educativos sostidos con fondos públicos da comunidade autónoma de Galicia pon de manifesto, entre outros aspectos, que a Rede de Formación será a responsable da organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da comunidade autónoma de Galicia. Esta formación estará baseada na análise desta realidade docente, xunto cos cambios desenvolvidos na sociedade actual, coa presenza das tecnoloxías da información e da comunicación en todos os ámbitos da vida, adaptarse ao contexto sociocultural e lingüístico, será coherente coas suxestións de organismos internacionais e colaborará con outras institucións no eido educativo.

En marzo de 2023 presentouse un modelo de Competencias Profesionais Docentes revisado, actualizado e adaptado ao novo contexto educativo. O programa Observa_Acción está directamente relacionado co desenvolvemento desas Competencias Profesionais Docentes, especialmente coa **Competencia en Desenvolvemento Profesional** a través da reflexión analítica sobre a práctica docente e xestión da crítica e retroalimentación e da avaliación do desempeño profesional. Mediante esta última,

¹ De acordo co recollido en <https://www.globalteachinginsights.org/observing>

² En conformidade coas conclusións de https://eur-lex.europa.eu/legal-content/EN/TXT/PDF/?uri=uriserv:OJ.C_2020.193.01.0011.01.SPA



detéctanse fraquezas, riscos e oportunidades de mellora, tómase conciencia das propias limitacións e coñecementos e intégrase construtivamente a crítica fundamentada e a retroacción recibida. Por outra banda, o programa desenvolve a **Competencia en Organización Escolar e Colaboración**, xa que a participación nel implica a realización dun gran labor de traballo en equipo.

De cara á mellora destas Competencias Profesionais Docentes, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades estableceu con carácter experimental o programa Observa_Acción no curso escolar 2017/18. Durante os seguintes cursos académicos (2018/19 e 2019/20) ampliouse a colaboración incluíndo outras Comunidades Autónomas.

En consecuencia, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Primeiro. *Obxecto e finalidade*

Esta resolución ten por obxecto establecer o programa "Observa_Acción: Desenvolvemento competencial desde a observación e o intercambio entre iguais" (en diante, Observa_Acción), que se desenvolverá en centros públicos non universitarios durante dous cursos escolares, 2023/24 e 2024/25.

O programa Observa_Acción ten como finalidade fomentar o desenvolvemento profesional nas Competencias Profesionais Docentes para a cooperación e colaboración, a construción conxunta de coñecemento e o liderado e xestión de centros a través do intercambio de boas prácticas e a observación entre iguais.

Segundo. *Obxectivos do programa*

Os obxectivos que se perseguen con este programa son os seguintes:

- Experimentar novas vías de formación do profesorado e favorecer a mellora nos centros educativos de Galicia, así como a colaboración con centros doutras comunidades autónomas e/ou países de ámbito europeo.
- Facilitarlles ao profesorado e aos membros do equipo directivo dun mesmo claustro a posibilidade de observar de forma directa metodoloxías nos procesos de ensino-aprendizaxe, xeitos de relación e comunicación ou vías de xestión dos



recursos propios e alleos, fomentando a adaptación e a aplicación do aprendido na súa praxe diaria.

- Fomentar o traballo en equipo de grupos de profesores/as cun interese común, incluíndo a observación activa da práctica docente, establecendo así vías de comunicación para o intercambio de boas prácticas, a reflexión, a formación metodolóxica sobre aspectos innovadores nos procesos organizativos e didácticos e a realización de proxectos de forma conxunta.
- Potenciar o traballo en equipo entre centros educativos con intereses compartidos, establecendo irmandades que fomenten a reflexión sobre aspectos organizativos, metodolóxicos e formativos innovadores para ofrecer unha formación de calidade ao alumnado.
- Favorecer a apertura e internacionalización dos centros educativos, ofrecendo a posibilidade de levar a cabo proxectos con outras comunidades autónomas e/ou países, e fomentando a integración reflexiva e contextualizada de innovacións educativas na súa propia práctica docente.
- Aplicar e adaptar protocolos de observación de práctica docente e potenciar accións metodolóxicas innovadoras para a mellora dos procesos de aprendizaxe do alumnado.

Terceiro. Liñas de traballo do Plan Anual de Formación do Profesorado

As liñas de traballo recollidas no Plan Anual de Formación do Profesorado para o curso 2023/24 constitúen os alicerces do programa Observa_Acción. Son as seguintes:

1. **Didáctica: desenvolver os currículos conforme os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA).**
 - Proporcionar múltiples formas de representación, acción, expresión e implicación baseándonos nos principios do DUA.
 - Comparar, propoñer e/ou avaliar estratexias ou iniciativas concretas de atención á diversidade na aula/centro educativo.
 - Identificar e relacionar os elementos do currículo e implementalos nas programacións didácticas.
 - Revisar diversas metodoloxías didácticas, seleccionar as máis axeitadas para o contexto segundo as evidencias, implementalas e avaliar a súa efectividade.
 - Mellorar, xestionar e dinamizar a biblioteca escolar.



2. Dixital: dixitalización e transformación dos centros.

- Implementar o Plan Dixital do centro.
- Analizar a competencia dixital dos diferentes sectores da comunidade educativa.
- Identificar, empregar e enriquecer espazos virtuais para o traballo en rede.
- Proxectar, organizar, implementar e avaliar iniciativas formativas no ámbito STEM.
- Definir accións para o fomento da creatividade e do emprendemento.
- Dinamizar o uso dos Polos Creativos.

3. Innovación e investigación.

- Diseñar, establecer e aplicar plans de mellora dos centros: xestións de calidade.
- Analizar o uso dos espazos e adecualos ao Plan de Arquitectura Pedagóxica.
- Propor estratexias e ámbitos de intervención para promover a vida saudable.
- Reflexionar sobre a práctica docente a través da observación inter-pares e inter-centros.
- Diseñar, implementar e avaliar estratexias de desenvolvemento sostible.

4. Convivencia e inclusión.

- Determinar accións para a mellora da convivencia positiva e benestar emocional.
- Establecer maior fluidez nas relacións coas familias.
- Implementar prácticas coeducativas.
- Fomentar hábitos e estilos de vida saudables.

5. Comunicación e plurilingüismo.

- Mellorar a competencia comunicativa en linguas maternas e estranxeiras.
- Implementar o tratamento integrado das linguas.
- Participar en proxectos europeos.
- Colaborar para mellorar a aprendizaxe e promover a cidadanía global.

Cuarto. *Desenvolvemento do programa: fases e temporalización*

O programa está orientado ao desenvolvemento profesional dende o punto de vista da observación entre iguais, da reflexión individual e/ou grupal do profesorado, do



intercambio de boas prácticas e da implementación do aprendido na aula.

O programa Observa_Acción desenvolverase ao longo dos cursos 2023/24 (Fase 1) e 2024/25 (Fase 2).

A temporalización do programa será a seguinte:

Fase 1 (autonómica): outubro 2023 a xuño 2024 (de carácter obrigatorio para todos os centros participantes)

- Etapa Comparte
- Etapa Acolle

Fase 2 (interautonómica e internacional): outubro 2024 a xuño 2025 (optativa entre unha das dúas opcións ofertadas)

- Etapa Conecta
- Etapa Internacionaliza

Unha vez sexan seleccionados os centros educativos e identificadas as persoas participantes, dará comezo a fase 1 coa seguinte estrutura:

FASE 1: AUTONÓMICA

Desenvolverase integramente na comunidade autónoma galega.

ETAPA COMPARTE

CONTIDO

Esta etapa realizarase entre docentes **do mesmo centro educativo**. As sesións de observación poderán realizarse sobre un máximo de tres liñas de traballo definidas no Plan Anual de Formación do Profesorado (*vid* apartado terceiro).

A organización recaerá no equipo directivo co asesoramento do CAFI/CFR ao que corresponde o centro.

DESENVOLVEMENTO

1. Asistencia a unha **formación inicial na Rede** (vía Webex) que abordará os aspectos esenciais do programa, así como aspectos prácticos da observación de aula.
2. **Organización** das quendas de observación e flexibilización de horarios por parte do equipo directivo.
3. Realización das sesións de **observación** no propio centro, seguida das de **reflexión**



e posta en común.

4. **Recollida de evidencias e conclusións** para integralas na revisión da análise DAFO.
5. Entrega do **DAFO actualizado** e **evidencias** da observación realizada, que serán empregados para preparar os emparellamentos dos centros.

ETAPA ACOLLE

CONTIDO

Está dirixida a equipos de docentes de **varios centros de todo o ámbito da comunidade autónoma de Galicia**. Cada centro terá outro asignado co que intercambiará boas prácticas docentes compartindo, colaborando, reflexionando e formándose mutuamente.

O equipo anfitrión do propio centro poderá estar integrado por tantas persoas como se considere. Durante a acollida, é bo que participe o máximo número de docentes e alumnado posibles. Porén, a observación presencial no outro centro será levada a cabo por un equipo observador conformado por **un representante do equipo directivo e un máximo de 4 docentes**. A xornada de acollida durará un día e terá como obxectivo observar a práctica profesional e implicarse nun diálogo que contribúa á mellora das súas capacidades. O resto de docentes participantes que non se despracen colaborarán a través do espazo virtual de aprendizaxe compartindo materiais, realizando observacións virtuais ou videoconferencias para o intercambio de experiencias.

Esta etapa será xestionada polo equipo directivo e coordinada polo CAFI/CFR da área de asesoramento correspondente a cada centro. No tocante a viaxes e loxística, será prioritario establecer un sistema de desprazamento ecolóxico (por exemplo, transporte público ou uso compartido de vehículos).

DESENVOLVEMENTO

1. Unha vez se fagan os emparellamentos de centros, realizarase unha **formación de carácter presencial enfocada á concreción do proxecto de observación entre centros asociados**. A ela asistirán **dúas persoas** por centro educativo (un membro do equipo directivo e a persoa coordinadora do programa Observa_Acción) que achegarán a información recollida no seu propio centro relativa aos piares sobre os que queren fundamentar o seu proxecto. O resto de persoas participantes farán as súas achegas ao proxecto a través dos medios que estableza o propio centro.



2. Realización da **formación na Rede** (vía Webex) que abordará como organizar os aspectos prácticos da xornada de acollida no propio centro e na de observación do centro emparellado. A esta formación, de carácter autonómico, asistirá todo o profesorado participante no programa.
3. Organización **da xornada de observación** no centro asociado por parte dos equipos directivos informando ao CAFI/CFR. Todo o profesorado participante do centro que acolle, independentemente de se viaxa ou non ao centro co que está emparellado, deberá colaborar segundo sexa preciso.
4. **Intercambio de experiencias docentes:** desenvolvemento da xornada de observación e reflexión no centro educativo correspondente. No caso do profesorado que non se desprace, o intercambio realizarase no espazo virtual de aprendizaxe ou, con flexibilidade, polas vías que as persoas participantes consideren máis pertinentes tales como: a realización de videoconferencias entre profesorado e/ou alumnado, o deseño dalgunha actividade de carácter puntual, a creación de material, etc.
5. **Redacción e entrega dunha única memoria final** elaborada conxuntamente polo profesorado participante dos dous centros emparellados.
6. Entrega do **portafolios dixital:** os/as docentes que non participaron na mobilidade, deberán facer entrega do seu portafolios dixital deixando constancia da súa colaboración co centro emparellado.

FASE 2: INTERAUTONÓMICA E INTERNACIONAL

Durante o segundo curso escolar, os centros seleccionados segundo os criterios contidos no apdo. 6.2.b. desenvolverán a seguinte fase do programa, que terá lugar fóra da comunidade autónoma galega: ben con outras Comunidades Autónomas (etapa Conecta) ou no estranxeiro, en países asociados ao programa segundo a súa dispoñibilidade (etapa Internacionaliza).

Cada centro educativo participará **unicamente nunha** das etapas. Para estes efectos, cada centro indicará a súa preferencia de ámbito (interautonómico ou internacional) no formulario de participación para que poida ser tida en conta, na medida do posible, na adxudicación de centros asociados.



ETAPA CONECTA / INTERNACIONALIZA

CONTIDO

Esta etapa discorrerá en dous camiños paralelos (nivel interautonómico ou internacional) e o seu desenvolvemento dependerá dos acordos acadados coas distintas organizacións sociais do programa, tanto a nivel interautonómico coma europeo.

ETAPA CONECTA

Esta última etapa (alternativa á etapa Internacionaliza) consiste nunha fase de colaboración **entre diferentes comunidades autónomas** que desenvolvan programas equivalentes ao programa Observa_Acción. Nela levarase a cabo a asociación cun centro doutra comunidade autónoma para colaborar no seu desenvolvemento profesional. Estructurarase do mesmo xeito que a etapa Acolle. As estadias de observación consistirán no desprazamento e acollida dun máximo de 5 docentes (1 deles do equipo directivo), durante un máximo de **3 días** respectivamente (incluíndo os días de viaxe). Posteriormente, proverase retroalimentación nunha reflexión conxunta entre o profesorado participante para propoñer melloras concretas na práctica de aula, do centro ou establecer accións de colaboración entre profesorado/alumnado de ambos centros. Estas sesións de reflexión poderán realizarse durante a propia estadia no centro visitado ou a través de Webex.

ETAPA INTERNACIONALIZA

Esta última etapa do programa (alternativa á etapa Conecta) consistirá nunha experiencia de Observa_Acción nun centro educativo **dun dos países socios europeos**. Nela desenvolverase a estadia dun máximo de 5 docentes (1 do equipo directivo), durante un máximo de **4 días** (incluíndo os días de viaxe), en centros educativos dun país europeo. Posteriormente, proverase retroalimentación e realizarase nunha reflexión conxunta entre o profesorado participante, co fin de introducir melloras concretas na práctica de aula, ou do centro ou de establecer accións de colaboración entre profesorado/alumnado de ambos centros, por exemplo a través de proxectos eTwinning ou Erasmus+. Estas sesións de reflexión poderán realizarse durante a propia estadia no centro visitado ou a través de Webex.

Os centros educativos serán responsables de asegurarse de que o persoal que participe nesta etapa teña a competencia lingüística necesaria para levar a cabo as actividades asociadas ao programa.



ESTRUTURA COMÚN PARA ETAPA CONECTA E INTERNACIONALIZA

1. Envío da **listaxe actualizada** de persoas participantes para a Fase 2 ao correspondente CAFI/CFR.
2. Realización dunha **formación inicial na Rede** para esta fase, centrada nos aspectos específicos do contexto educativo autonómico e internacional. A esta formación asistirá todo o profesorado participante, independentemente de se participa na mobilidade ou non.
3. Organización das **observacións** entre centros por parte dos CAFI/CFR en coordinación cos equipos directivos.
4. **Intercambio de experiencias docentes.** Realizaranse as visitas e posteriores reunións entre os/as docentes nas que se compartirán aprendizaxes.
5. **Avaliación da memoria final.**

5.1 Etapa CONECTA

Redacción e entrega dunha única memoria final elaborada conxuntamente polo profesorado participante. Este documento debe ser realizado en colaboración co centro asociado facendo entrega dunha soa memoria común en cadansúa comunidade autónoma.

5.2 Etapa INTERNACIONALIZA

Redacción e entrega dunha memoria final entregada unicamente polo profesorado galego participante, dada a ausencia de reciprocidade na visita.

Quinto. *Requisitos do programa*

A selección dun centro no programa Observa_Acción **suporá a participación obrigatoria na fase 1 na súa integridade**, coas súas dúas etapas: a de observación no centro e a de visita ao outro centro asociado. A participación na fase 2 é de carácter optativo e deberá escollerse entre unha das dúas posibilidades (ámbito interautonómico ou internacional) no formulario de inscrición.

As estadias formativas **non poderán supoñer a paralización** das actividades lectivas ou a interrupción do funcionamento ordinario dos centros observados e observadores. Do mesmo xeito, deberase acudir puntualmente ao inicio da xornada escolar ao centro onde se vai realizar a observación.



O centro educativo establecerá as **medidas organizativas** pertinentes para que cada unha das fases e etapas do programa poidan desenvolverse de maneira efectiva e para que as actividades lectivas sexan atendidas cos recursos propios do centro. Así mesmo, outorgarase flexibilidade horaria para a correcta realización das actividades asociadas ao programa.

Cada centro educativo nomeará unha **persoa coordinadora do programa** Observa_Acción.

Todas as persoas participantes realizarán **sesións formativas** co fin de coñecer os principios e ferramentas esenciais para desenvolver a observación docente con éxito.

Así mesmo, **ao final de cada fase, cumprirá ter entregadas no espazo virtual as memorias indicadas no apartado cuarto**, tanto para a súa valoración de cara á participación na seguinte fase, como para a certificación da actividade.

Dado que un dos obxectivos deste programa é xerar un efecto catalizador mediante o cal se repliquen e difundan ao profesorado os aspectos observados para poder desenvolvelos no propio centro, é recomendable **difundir as aprendizaxes** tanto no propio claustro, na web do centro ou por outras vías que se consideren pertinentes (redes sociais, prensa local, etc).

Os centros participantes asumen o compromiso de compartir o aprendido nas actividades formativas organizadas pola Rede de Formación.

Sexto. Destinatarios e criterios de selección

6.1 Destinatarios

O programa Observa_Acción vai dirixido aos centros educativos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan ensinanzas non universitarias. A concorrencia á fase 2 será competitiva a través da puntuación final da fase 1, derivada da valoración das etapas Comparte e Acolle e da memoria final.

6.2 Criterios de selección

A selección dos centros será levada a cabo por unha comisión de valoración integrada polo xefe do Servizo de Programas de Formación, representantes dos distintos CAFI/CFR e persoas asesoras do Servizo de Programas de Formación.



a. Centros candidatos á Fase 1:

Seleccionaranse un total de **70 centros educativos**, asignados por cada ámbito de asesoramento territorial CFR/CAFI coa seguinte distribución: CAFI (10); CFR A Coruña (12); CFR Ferrol (6); CFR Lugo (10); CFR Ourense (10); CFR Pontevedra (10); CFR Vigo (12). Se quedasen prazas vacantes nalgún ámbito, adxudicaranse de forma proporcional a aqueles CFR/CAFI que tivesen máis solicitudes.

A selección dos centros realizarase en función de:

1. Documento de análise DAFO achegado coa solicitude, cun valor máximo de 8 puntos.
2. Porcentaxe de participación de profesorado en Proxectos de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) nos últimos 2 anos (vid Anexo I - Formulario de participación), cun valor máximo de 2 puntos.

En caso de empate, terase en conta a porcentaxe de participación de profesorado en PFPP no ano inmediatamente anterior e así sucesivamente ata acadar o desempate.

b. Centros candidatos á Fase 2:

O número de centros participantes na fase 2 dependerá do número de socios europeos e das comunidades autónomas que se sumen ao programa.

O CAFI/CFR correspondente coordinará o programa e fará o seguimento do seu desenvolvemento.

Os centros quedarán ordenados segundo a valoración obtida como suma das puntuacións da memoria final conxunta da Fase 1, a valoración da etapa Comparte e a valoración da etapa Acolle, de acordo coa seguinte puntuación:

- **Memoria final conxunta Fase 1:** 12 puntos
- **Evidencias da observación e reflexión da Etapa Comparte:** 3 puntos
- **Portafolios individuais da Etapa Acolle:** 5 puntos

En caso de empate, terase en conta a puntuación obtida pola porcentaxe de participación dos docentes do centro en PFPP nos últimos anos seguindo o procedemento indicado no apdo. 6.2.a.



Sétimo. Certificación do programa

Segundo o establecido no artigo 37 da Orde de 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos recoñecerá a participación activa e satisfactoria no programa como actividade de formación, cunha equivalencia de 50 horas para a Fase 1 e 30 horas para a Fase 2.

Para o recoñecemento, consideraranse as entregas feitas na aula virtual, nomeadamente:

- Portafolios dixital recollendo as accións de colaboración no caso da etapa Acolle.
- Memorial final cos centros emparellados no caso das etapas Acolle e Conecta ou memoria final do centro no caso da etapa Internacionaliza.

Oitavo. Financiamento do programa

Os gastos derivados do desenvolvemento do programa corresponderán á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, xestionados a través dos CFR/CAFI correspondentes.

Noveno. Prazos, solicitude e documentación

O prazo de presentación de solicitudes e da documentación será dende o día seguinte á publicación da presente resolución no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal> e ata o día 10 de outubro 2023.

As persoas directoras dos centros interesados en participar nesta convocatoria deberán facer a inscrición a través da aplicación informática FPROFE (<https://www.edu.xunta.gal/fprofe/>) no apartado *Convocatorias > PFAC*. Unha vez aprobada a solicitude, entregarase a seguinte documentación pola mesma vía:

- Formulario de participación (Anexo I).
- Compromiso de participación (Anexo II).
- Documento de análise da situación do centro. DAFO (Anexo III).

A aprobación da solicitude non implica a admisión no programa, que se fará pública a través da publicación da correspondente listaxe de centros educativos admitidos no programa *Observe Acción*.



Décimo. *Renuncia*

En caso de causas de forza maior, o centro educativo poderá solicitar a súa baixa no programa Observa_Acción. Para iso, o seu representante legal deberá presentar unha renuncia expresa no CFR/CAFI de referencia, contida no modelo que figura no Anexo IV.

Undécimo . *Resolución*

1. Unha vez efectuada a selección pola Comisión, as resolucións provisionais faranse públicas o día 17 de outubro de 2023 no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>, coa listaxe cos centros adxudicatarios do programa Observa_Acción ordenados segundo a puntuación recibida.
2. A partir da publicación das resolucións abrirase un prazo de cinco días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, de ser o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e renuncias, a comisión seleccionadora elevaralle a proposta definitiva á persoa titular da dirección xeral, quen resolverá a relación final dos centros educativos seleccionados.

A resolución definitiva dos centros seleccionados publicárase no portal educativo.
3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo



Anexo I

Formulario de participación no Programa Observa_Acción

CENTRO EDUCATIVO				
Nome do centro educativo		Código do centro		
PERSONA COORDINADORA DO PROGRAMA Observa_Acción				
Apellidos e nome da persoa coordinadora		DNI (sen caracteres especiais)		
PERSOAS PARTICIPANTES				
Apellidos e Nome		DNI (sen caracteres especiais)		
Realizan movilidade	1.			
	2.			
	3.			
	4.			
	5.			
Non realizan movilidade	6.			
	7.			
	8.			
	9.			
	10.			
BAREMO		Porcentaxe curso 2021-22	Porcentaxe curso 2022-23	Puntos
Porcentaxe de participación de profesorado en PFPP nos últimos 2 anos		___ %	___ %	

Con motivo de axustar as solicitudes aos intereses dos centros participantes indique a continuación (*unicamente no caso de desexar participar na Fase 2*)

- a. Marque cos números 1 e 2 a preferencia de etapa que desexa realizar na Fase 2 (*será tida en conta na medida do posible*):
- Etapa Conecta (interautonómica)
- Etapa Internacionaliza (internacional)



b. A/s liña/s de traballo do plan anual de formación, incluídas no seu proxecto Observa_Acción (*marque un máximo de 3*):

Didáctica: deseñar e desenvolver novos currículos conforme aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA).

Dixital: dixitalización e transformación dos centros.

Innovación e investigación.

Convivencia e inclusión.

Comunicación e plurilingüismo.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE E SELO DO CENTRO						
Lugar e data						
	,		de		de	2023



Anexo II

Compromiso de participación

Compromiso de participación e actualización por curso escolar nas distintas fases do programa Observa_Acción, así como de entrega da memoria en relación ao aprendido.

Datos do centro

Declaración xurada da persoa representante

Primeiro apelido:

Segundo apelido:

Nome:

NIF:

Correo electrónico:

Teléfono:

Sendo requisito o compromiso de participación e actualización por curso escolar en relación ao programa Observa_Acción (fases 1 e 2).

SI

Sendo requisito o compromiso de presentación da memoria final das Fases 1 e 2, a) así como a retroalimentación e avaliación da participación no programa Observa_Acción.

SI

En , a de de 2023....

(Sinatura e selo do centro)



Anexo III

Proposta de preguntas para análise DAFO

<p>DEBILIDADES</p> <p>En que se pode mellorar?</p> <ul style="list-style-type: none"> • En que áreas necesita mellorar o noso centro? • Que recursos ou habilidades lle faltan? • En que aspectos destacan outros centros? • Que características do contexto poden supoñer unha debilidade? 	<p>AMEAZAS</p> <p>Que riscos/problemáticas específicas atopamos no centro?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Que cambios poderían prexudicar o noso centro? • Contexto socio-cultural • Desafíos en relación ao alumnado (abandono, convivencia...)
<p>OPORTUNIDADES</p> <p>Observa ao teu arredor</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cales son as tendencias educativas que poden favorecer o noso centro? • Que cambios poden abrir novas oportunidades? • Que programas educativos nos gustaría implantar no centro? • Que proxectos nos gustaría retomar? 	<p>FORTALEZAS</p> <p>En que destaca o centro?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Que habilidades e recursos ten o noso centro? • Que é o que ofrece e consideramos que é único? • Cales son os valores engadidos do noso equipo docente segundo o seu perfil? • Que recoñecementos e/ou premios temos?



Anexo IV

Renuncia á participación no Programa Observa_Acción

Datos do centro

Declaración xurada da persoa representante

Primeiro apelido:

Segundo apelido:

Nome:

NIF:

Correo electrónico:

DECLARA

que devandito centro renuncia a participar no Programa Observa_Acción alegando a seguinte causa de forza maior

E para que así conste para os efectos oportunos, asino esta declaración en _____, a ___ de _____ de 2023

Asinado _____

